

Consellos e instrucións para facer as entrevistas

1. Os entrevistadores deben comprender ben que é o que deben buscar: elaborar un catálogo das plantas vasculares (fentos e plantas con flores) que se desenvolven espontaneamente (non cultivadas) na comarca da Ulloa cos nomes galegos que se lles dean en cada lugar concreto. Por suposto, non se lles pide aos informantes nin os nomes científicos, nin as formas do galego estándar, nin as formas máis comúns e coñecidas, nin os equivalentes en castelán... Procurárase a forma ou formas con que se coñecen popularmente en cada lugar. Poderáselles pedir tamén que nos informen sobre as plantas: características, ciclo vital, comportamentos, usos, utilidade, crenzas, lendas, cántigas...

2. Debemos buscar informantes galegofalantes que sexan do lugar (deberáselles preguntar se naceron ou non no lugar ou se residen aí desde hai moito tempo) e que estean en condicións de dicirnos, sen lugar a dúbidas, o nome de tal planta.

3. Os informantes deben ser, preferentemente, persoas maiores, con bo coñecemento do medio natural e da vida e costumes do lugar sobre o que informan. Hai que procurar que se sintan cómodos durante a entrevista. Para iso son fundamentais algunhas condicións previas: deben estar fisicamente cómodos e en condicións de se poderen demorar nas respostas. Teñen que saber con toda claridade que é o que buscamos, por que e para que os interrogamos. Deben percibir, sen lugar a dúbidas, o noso interese sincero nas súas respostas. Eles son os depositarios dun saber importante, ben valorado por nós, que lles pedimos que compartan e transmitan.

4. Cómpre insistir moito en que buscamos os nomes patrimoniais e populares Non deben sentir que están sendo examinados nin moito menos avaliados. Eles son os mestres e nós os respectuosos aprendices. Debemos anotar con todo esmero as respostas. No revés da folla do cuestionario debemos anotar impresións, comentarios, explicacións longas, etc., con coidado de deixar ben clara cada información.

5. Ao apuntar os nomes debemos usar a mellor caligrafía, de xeito que calquera persoa poida interpretar sen dúbidas a nosa escritura. Ademais:

a) Hai que indicar o xénero: Carvés (f).

b) As formas deben anotarse completas. Por ex., non é o mesmo que o informante diga hortelá ca herba hortelá, hortelá da horta ou herba do hortelán.

c) Debe collerse sempre, como mínimo, a forma en singular. Se o informante nos dá unha forma que podería interpretarse como plural, anotámola (p. ex., carvés); pero a continuación cómpre que preguntemos como se denomina un exemplar illado, pois podería ser tanto carvés (sg. e pl.) coma carvén (pl. carvés). O mesmo ocorre cos diminutivos. Se o informante responde aceviño debemos anotalo, pero debemos asegurarnos de se -iño é afectivo (diminutivo de acevo) ou forma xa parte da palabra (isto é, nunca din acevo).

6. Non é infrecuente que nun mesmo lugar haxa máis dunha forma. Incluso un mesmo informante pode darlle máis dun nome a unha planta. As formas poden ser próximas entre si (tipo acivo e acivro, couselo e conchelo, póuteга e apóuteга...) ou non (roseira e caraveira, millá e herba millá...).

7. En ocasións aparecerán formas que se orixinan nos usos (p. ex., maio para a xesta), en xogos infantís (p. ex. pegadizos para o lampazo, bistés para os couselos...) ou noutras manifestacións culturais. Todos nos interesan, todos debemos anotar. Tamén anotamos os castelanismos que sexan usuais.

8. É posible tamén que a mesma forma denomine máis dunha planta. Se é así, debemos anotalo tal e como o di o informante, pero non estaría de máis asegurarnos de se cada unha desas plantas ten ademais outros nomes que eviten o posible equívoco.